

Servizo Administrativo e
de Control
OrzamentarioCONCELLERÍA
DE
FOMENTOCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 3780	TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME:

ASUNTO: Adxudicación e autorización de gasto a favor de **Montajes J.M. Iglesias, S.L.** (B36130649), para a realización da obra de **"Renovación do Pavimento na Subida Corredoura"**.

Antecedentes

1.- O Concelleiro-delegado da Área de Fomento, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario resolveu ordenar o inicio da tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación da obras de **"Renovación do Pavimento na Subida Corredoura"**.

Consta no expediente o citado informe sobre a conveniencia e idoneidade da execución da obra, acta de replanteo pertinente, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender o gasto.

2.- O 25 de abril de 2017 se publica no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do réxime de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 2 de maio de 2017.

3.- Na sesión pública do 5 de maio de 2017, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas, en atención ao criterio fixado no anuncio, foi a presentada pola mercantil **Desmaco, S.L.** por un importe de **42.248,00** euros IVE incluído.

4.- Dito licitador foi requirido para que presente a documentación acreditativa do cumprimento das condicións para contratar coa Administración sinalada no punto 15 do anuncio; transcorrido o prazo regulamentario para presentar a documentación a empresa Desmaco, S.L. Non remite a mesma.

5.- Á vista de que a empresa adxudicataria non presenta a documentación, a seguinte empresa con mellor oferta económica das admitidas é **Montajes J.M. Iglesias, S.L.** (B36130649) por un importe de **42.290 Euros** IVE incluído)

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O presente contrato ten a consideración de Contrato menor de obras definido nos arts. 6, 23.3, 89.2, 111, 138.3 e 156.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data Impresión: 29/06/2017 10:25

Páxina 1 de 3

Expediente 3780/440

Código de verificación: 2BE34-B3D85-8EB8C-43DBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Tamén son de aplicación as Instrucións do Concelleiro delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación de 20 de febreiro de 2015, sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor.

Segundo.- Resultou que a oferta economicamente mais vantaxosa para a Administración contratante, de conformidade co criterio fixado no anuncio que rexeu a licitación, é a formulada por **Montajes J.M. Iglesias, S.L.** (B36130649)

Terceiro.- Recibida a documentación presentada polo licitador e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores correspóndelle ao Concelleiro delegado (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, sobre delegación de atribucións, e Base 31ª das de Execución do Orzamento).

Á vista do exposto faise a seguinte

PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as obras **"Renovación do pavimento en Subida Corredoura"** á mercantil **Montajes J.M. Iglesias, S.L.** (B36130649), por un importe total de **42.290,00** euros IVE incluído, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estrita suxeición á memoria valorada e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **42.290,00** euros IVE incluído para a realización das obras de **"Renovación do pavimento en Subida Corredoura"**, a prol da empresa **Montajes J.M. Iglesias, S.L.** (B36130649) con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006		42.290	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, D. Óscar Couce Senra e como director facultativo da obra á Enxeñeira Municipal Dª María Francisca Arlandis Marra.

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data Impresión: 29/06/2017 10:25	Páxina 2 de 3
	Expediente 3780/440	Código de verificación: 2BE34-B3D85-8EB8C-43DBC	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcar a totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que os ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

OCS/ec

**Asinado dixitalmente por Xefe do Servizo Administrativo e Control
Orzamentario**

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data Impresión: 29/06/2017 10:25

Páxina 3 de 3

Expediente 3780/440

Código de verificación: 2BE34-B3D85-8EB8C-43DBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

